

# GUÍA PARA ACCEDER E OPERAR EN CRONOS WEB

[A plataforma en liña do Servizo Municipal de Deportes]



1	IDENTIFICACIÓN .....	1
2	SELECCIÓN DA CLASE .....	5
3	PAGO DA TAXA .....	6
4	SUBIDA DO DOCUMENTO DE INSCRICIÓN .....	7

# 1 IDENTIFICACIÓN

## [1.0] PASO PREVIO: ALTA NA PLATAFORMA

Para poder usar a plataforma Cronos Web é necesario estar previamente de alta na mesma.

Esta **alta inicial** farase **de xeito presencial** en calquera dos **rexistros de Deportes**, presentando o DNI ou documento identificativo análogo (NIE, pasaporte, etc.), e indicando un enderezo de correo electrónico, que será o que permita posteriormente o acceso á plataforma en liña.

## [1.1] ACCESO Á CRONOS WEB


Acceder á páxina de Cronos Web para a formalización de inscricións en liña a través da ligazón inserida na web de Deportes ou da enviada por correo electrónico, se é o caso, e unha vez nesa páxina, premer no botón **“Identificación cidadanía”**.



**Identificación cidadanía**  
Inicia sesión con Google, Facebook / Instagram, Twitter, Certificado o coa túa conta de usuario do Concello da Coruña



**Entrar sen identificarse**  
Poderas comprar entradas, bonos e realizar aluguer de instalacións



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

O CONCELLO EN RRSS

f t

Idiomas:

**Atención á cidadanía**

- Servizo de atención telefónica 010
- Suxestións e reclamacións
- Cita previa

**Trámites e servizos**

- Empadramento, normas e certificado de volante ou certificado
- Como pagar?
- Tarxeta Bus Millennium Xera



The screenshot shows the login interface for 'Deportes Coruña'. At the top, there is a header with the 'Concello da Coruña' logo and the text 'Galego v'. The main heading is 'Iniciar sesión'. Below this, a message states 'Unha única conta para todos os servizos do concello'. The title 'Deportes Coruña' is prominently displayed, followed by the instruction 'Elixo o medio de identificación'. There are five buttons for social media and digital certificates: Google, Facebook, Apple, Twitter, and 'Cert. dixital / cl@ve'. A section titled 'Ou inicia sesión con o teu correo' contains an 'Enderezo electrónico' input field. Below the input field is a small disclaimer about cookies and privacy. At the bottom, there is a blue 'Iniciar sesión' button and a grey button with the text 'Usuario novo? [Rexístrate](#)'. An orange arrow points to the 'Rexístrate' link.

A continuación, deberase iniciar sesión para poder acceder á formalización da matrícula mediante unha pantalla como a da esquerda.

Haberá que rexistrarse previamente, se non se fixo antes.

**IMPORTANTE:** A conta de correo debe ser a mesma que consta no rexistro de Deportes. Por este motivo, no caso de dúbidas, recomendamos contactar para verificalo.

← Para iniciar sesión.

Se non ten unha conta xa creada, deberá pinchar en **“Rexístrate”** e pasará a unha pantalla como a da seguinte páxina.

## Crea a túa conta

Cubre o formulario con algúns datos básicos.  
Poderalos cambiar máis adiante se o desexas.

Correo electrónico (\*)

Elixe o teu contrasinal de acceso (\*)

Repite o contrasinal (\*)

Nome (\*)

Apelidos (\*)

Alias (\*)

Móbil


Ao rexistrarte aceptas os [termos e as condicións de uso](#)

**Volver****Crear unha conta**

**NOTA:** O correo electrónico debe ser o mesmo que se indicou no momento de darse de alta de xeito presencial no rexistro. Recomendamos prestar atención a introducilo correctamente así como cumprimentar o dato do teléfono móbil.

Unha vez cumprimentado o formulario, prémese en “*Crear unha conta*” e procédese a iniciar a sesión.

Abrirase unha pantalla como a seguinte:




Deberá escollerse o método de identificación que se prefira e seguir os pasos para iniciar a sesión.

## 2

## SELECCIÓN DA CLASE

Iniciada a sesión, deberá **premer** en **“Alta en Natación prenatal”** e seguir os pasos indicados:


**Clases - Inscripción**



Alta en Natación prenatal

**Información para Natación Prenatal**  
Para poder darse de alta nas actividades é necesario que a persoa esté rexistrada previamente na plataforma Cronos. Para iso deberá persoarse no rexistro do Palacio de Deportes de Riazor co seu DNI ou documento análogo en vigor.  
Para formalizar a inscrición na actividade, ademais de efectuar o pagamento (con tarxeta), será imprescindible presentar a seguinte documentación:  
> Folla de inscrición cuberta e asinada (Pode descargala no apartado de Natación prenatal da web municipal [www.deportes/gal](http://www.deportes/gal))

Accederase á seguinte pantalla, onde aparecerán as clases dispoñibles para a inscrición, coa indicación do horario, as datas de comezo e fin, así como as prazas dispoñibles:



Concello da Coruña P1503000J  
Praza de María Pita, s/n, 15001, A Coruña

Filtros ▾


2 resultado(s)   10 ▾

Código de clase	Clase	Data inicial	Data final	Prazas	Dispoñibles	Descrición
4848	NATACION PRENATAL MENSUAL RIAZOR LU 16:30-17:15	01/03/2024	31/03/2024	8	8	>
4849	NATACION PRENATAL MENSUAL RIAZOR ME 16:30-17:15	01/03/2024	31/03/2024	8	8	

**Premendo na opción escollida**, na frecha que aparece á dereita, **pasará á pantalla de pago**.

**3 PAGO DA TAXA**


VM Alumna Prenatal

Tipo de pago da cota **Continuar**Premendo en “**Continuar**”, pásase a unha pantalla como a seguinte:

VM Alumna Prenatal	
 NATAACION PRENATAL MENSUAL RIAZOR LU 16:30-17:15	
Betea (21/02/2024 - 29/02/2024)	
mércores, 21 de febreiro de 2024	
	7,00 €
<b>Total</b>	<b>7,00 €</b>

**Eliminar o carrito**

Forma de pago

 Tarxeta de crédito

**Datos de envío do xustificante**

Alumna

Prenatal


correo@correo.com

**Confirmar a compra**


Para efectuar o pago, deberán introducirse os **datos da tarxeta e confirmar a compra**.**Unha vez realizado o pago, falta subir a documentación** correspondente para a formalización da inscrición, como se indica nas seguintes páxinas.

## 4 SUBIDA DO DOCUMENTO DE INSCRICIÓN

Para subir a documentación da inscrición, deberá ir a **“A miña Conta”**, pinchando no despregable, ao lado do nome.



Accederase a unha pantalla como a seguinte:




**NOTA:** O documento pódese descargar na páxina web municipal ([www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes)) ou directamente na seguinte ligazón: [Documento de inscrición - Natación prenatal](#)

**IMPORTANTE:** Os documentos que se acheguen non deben pesar moito.

Premendo no Botón **“Clases”**, para **subir o documento de inscrición (cuberto e asinado)**, pasará á seguinte pantalla, onde aparecerá a clase na que está feita a inscrición:




Haberá que **premer nos 3 puntitos** que están á dereita do nome da clase, como se ve na imaxe, e a continuación en **“Documentos de alumno”**:






Accédese á pantalla para subir o formulario de inscrición:



Se **pinchamos na icona do Lapis**, pasaremos á pantalla para subir o documento, examinando dentro dos arquivos que teñamos no equipo:



**IMPORTANTE:** Para que a inscrición sexa válida, ten que estar aboada a taxa e subida correctamente a documentación.